



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/7
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, XOVES 18 DE XULLO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLÁN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva:

1.- Aprobación acta sesión anterior

Dña Merce Barrientos manifesta: “ na miña intervención no punto da acta da sesión anterior referíase non a que esas persoas non viñan como representantes políticos se non a que non me parecía procedente que se sinalase a afiliación política de ninguén.

O acta queda aprobada por unanimidade manifestando Dña Merce Barrientos que a aproba con esa corrección.

2.-Proposta modificación taxa expedición documentos administrativos



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde explica que a tesourería municipal fixo cálculos para saber o que se pode cobrar pola Muxiana, pois empezouse cunha cantidade simbólica de Muxianas e actualmente o número é moi alto e non cubre nin o custe material nin o custe do persoal que intervén no proceso.

Estivemos en contacto con Turismo de Galicia e falamos con eles desta idea. A Muxiana está a xerar un importante gasto e é simbólico para os peregrinos, asemade de que así damos un valor engadido ao que se fai.”

Intervén Dna Sandra Vilela: “ Temos dúbidas sobre o beneficio ou non de cobrar a Muxiana para o sector turístico e a súa repercusión de se os peregrinos a collerán ben ou non, e quero poñer enriba da mesa que os albergues, pisos turísticos, etc colaboran e as teñen para darllas e debemos agradecerllo. Fixen preguntas sobre a elaboración das Muxianas e é sorprendente que para a súa impresión non se solicitase orzamento a nivel local e algún deles dime que podería facer prezo inferior ao que se plasma no informe. Os canutillos que vai poñer o Concello á venda non deixa de ser unha forma de competencia ás empresas ou comercios que agora os dispensan. Parécennos innecesario.

Paréceme tamén sorprendente pretender cobrar calquera cousa en materia turística porque a política turística neste concello é inexistente. Fomos a Fitur a non facer nada e apareceu o último día cun vídeo que para min está fora de lugar. Aparece “Muxía Bonito” e realmente é precioso pero basta dar unha volta por Muxía e ver que está moi pouco cuidado. A política turística é inexistente e recentemente empresas do sector así mo trasladan. Dende que vostede é alcalde a improvisación para ir a Fitur é a tónica xeral.

Imos propoñer que este asunto quede sobre a Mesa e darnos un pouco máis de tempo para analízalo e pensalo, non temos datos suficientes para tomar unha decisión.”

Seguidamente intervén D Javier Sar: “ Estamos de acordo con deixalo sobre a Mesa porque non o temos claro. Non se cobra en Fisterra nin en Santiago.”

Intervén a continuación Dna Merce Barrientos: “ Nun parágrafo da proposta di 7000€ de custes de imprenta e segundo o estudo económico non é así. Hai unha discrepancia nas cifras.

En canto aos protectores mantemos a mesma postura que o resto dos grupos. Hai dous establecementos no pobo que os venden e me trasladan que o custe ronda o 1,12€. Propón vostede cobrar por eles 2€ facendo competencia desleal aos poucos negocios que quedan. Lamentamos tamén que se facture en empresas bastante distantes deste Concello e non se pida orzamento á única imprenta que temos no Concello. Eu pedinllo e o que me pasaron era inferior ao que dou a outra empresa que non era do Concello.”

O Sr alcalde resposta: “ Pode darmos? . Dna Merce Barrientos respóndelle que non, que llo pida á imprenta.

A continuación o Alcalde somete a votación a proposta do PP de deixar o asunto sobre a Mesa ata o vindeiro pleno, que resulta aprobada por unanimidade dos integrantes do Pleno.

3.-Proposta REC 5/2024

A Secretaria manifesta que os grupos municipais teñen copia da Proposta ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

O Sr Alcalde explica que se trata dunha liquidación do Obradoiro que este Concello realizou con Vimianzo.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Dna Sandra Vilela anuncia a abstención do seu grupo, “pois hai un informe desfavorable da Intervención”.

Dna Merce Barrientos intervén: “ Chámanos a atención que a xustificación de gastos enviouse en novembro de 2023 e descoñezo o motivo de non traelo antes a Pleno. Cando se convoquen as comisións informativas o lóxico é remitir a documentación relativa a todo e xa fixen constar que chegábase á comisión sen ela.”

O Pleno, por 5 votos a favor (3 do grupo municipal PSOE e 2 de IxM), e coa abstención do resto dos integrantes, acorda:

- O levantamento do reparo da Intervención municipal
- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito preciso dentro do orzamento 2024 por importe de 4.988,91€, e recoñecer as obrigas que se deriven del.

4.-Proposta modificación de crédito 4/2024 (suplemento de crédito)

A Secretaria explica que todos os grupos teñen copia da Proposta ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

Inicia o debate Dna Sandra Vilela: “ Imos presentar unha emenda na que se elimina a a partida de 37.000€ sobre a que temos dúbida e a información é sesgada.

Aínda estou esperando unha desculpa ante Sofía porque intentar ferir a unha persoa por un problema de saúde paréceme que é do máis baixo.

Respecto aos traballos técnicos, cando nos explique en que quere usalos quizais o fagamos.

En canto á subvención da Festa da Barca, o PP trouxo no seu día a pleno unha proposta de que fose o concello quen organizase e xestionase economicamente a Festa da Barca. A Comisión de Festas tivo a ben entregarnos un documento no que explican a previsión de ingresos e gastos para a Barca de 2024, e quero dicir que o ano pasado o goberno local tentou de colgarse medallas pola limpeza durante os días da festa e que en realidade paga a comisión de festas.

Quero reivindicar o traballo da Comisión e reiterar a petición de que a festa se faga dende o Concello.”

Intervén o Sr Alcalde: “Propono que se anime esta Barca a acompañarme ás horas que dedicarei á Romaría, chamareina para organizar o tema das limpeza os días anteriores , no horario que estiven xunto cos traballadores a pe da rúa.”

Dna Sandra Vilela responde: “ O seu antecesor , cando fixen a proposta que lle comento, díxome o mesmo e xa lle dixen que sí, non teño problema en axudar a nada que teña que ver coa Romaría ou outra cousa e sen cobrar, non como vostede que non ven a metade do ano.”

A continuación intervén D. Javier Sar: “ Estamos de acordo coa emenda e queremos puntualizar que o de retirar os 37.000 € e os 8.745€ de material eléctrico é porque queremos ver o orzamento ao que fai referencia o do material e o dos traballos técnicos, aínda que ven con máis literatura debe concretarse.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Terá que haber un informe técnico de cada unha das obras. Cales son os proxectos aos que se refire?

O Sr Alcalde contesta: “ Se non teño diñeiro para pagar non podo pedir eses informes. En canto aos proxectos, está por exemplo o do arranxo do polideportivo, para o que temos compromiso de subvención . Xa lle estou a dicir as obras ás que me refiro na proposta que son as que se aprobaron aquí. A próxima vez faremos unha relación de cada obra cun orzamento concreto e xa está.”

Volve a intervir D. Javier Sar: “Pedinlle tamén un informe sobre o que se gastou o ano pasado nas Festas do Mar .”

O Sr Alcalde contesta: “Foron 54.000€ aproximadamente, pero comprábase demasiada madeira, e nós consideramos que se a comprabamos podería quedar para o seguinte ano. Explicáronllo os seus asesores? Por elo este ano é menor a cantidade porque se vai comprar menos madeira.”

Volve a intervir D. Javier Sar: “En canto ás subvencións non temos nada en contra pero consideramos que debería ter o plan estratéxico de subvencións redactado e en base a el traer logo estas . O diñeiro acabase e se ten menos ingresos que gastos hai que buscar solución. Non digo de quitar o poñer gastos pero asi imos chegar a “0”.

Seguidamente intervir Dna Merce Barrientos: “ Na Comisión pedímoslle a memoria económica de 2023 das Rutas do Mar e a súa resposta foi que non ma ía facilitar. Fomos convocados a unha comisión informativa sen ter a documentación para elo. Negar a facilitar os datos é unha actitude antidemocrática. En canto ao plan estratéxico de subvencións é unha norma legal quen o esixe, son requirimentos legais que vostede non cumpre.”

A continuación o Sr Alcalde somete a votación a emenda presentada polos tres grupos da oposición, que queda aprobada por 6 votos a favor, dos grupo municipal PP (3), IxM (2) e mixto (1), e a abstención do resto. Por elo o Pleno acorda:

1- Aprobar expediente de concesión de suplemento de crédito conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de Intervención ó respecto, se considera máis adecuado. As aplicación orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

CONCEPTO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Festexos (Festas do Mar)	338/226.99	50.000€
Limpeza Educación	323/227.00	28.962,56€
Conserxaría educación	323/227.99	8.480€
SUBVENCIONS:		
Deportes	341/480.00	38.000€
Social	231/489.03	500€
Educación	323/49.03	1.000€
Cultural	334/489.03	4.500€
Festexos Populares	338/489.03	96.000€
TOTAL		227.442,56€

Medios de financiamento do gasto.-



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

-Proponse que o financiamento se realice con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 227.442,56€

O importe total da modificación proposta ascende a 227.442,56€

2.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor unha vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5.-Aprobación conta Xeral 2023

A Secretaria explica que a conta xeral 2023 foi informada favorablemente pola Comisión de Contas e exposta ao público durante prazo establecido sen que se presentasen reclamacións ao respecto.

Sen producirse debate, por unanimidade dos seus membros presentes, o pleno acorda aprobar a conta xeral do exercicio 2023.

Parte non resolutiva:

6.-Dar conta: Reparos, anomalías de ingresos, control financeiro, PMP... Execución trimestral 2º trimestre 2024.

A Secretaria manifesta que se da conta ao Pleno dos Reparos 2023, anomalías de ingresos, control financeiro, PMP, execución trimestral 2º trimestre 2024.

O Pleno queda enterado.

7.-Dar conta resolucións de alcaldía do 14 de maio ao 15 de xullo de 2024.

A secretaria explica que se da conta ao pleno das Resolucións de Alcaldía ditadas entre o 14 de maio e o 15 de xullo de 2024 (non é correcta a redacción na Orde do Día, ao dicir 15 de xuño) 2024, quedando corrixida.

O Pleno queda enterado.

8.-Moción do BNG para impulso obras autovía da Costa da Morte AG-55 e eliminación de peaxes.

Dna Merce Barrientos explica o contido da moción.

IxM anuncia o seu apoio á mesma.

Dna Sandra Vilela intervén: “ Para esta autovía existe un proxecto en información pública cunha lonxitude de 55 kms. Hai 27 executados co goberno do PP, e anteriormente co goberno bipartito non foi capaz de facer nin un metro. Hai atraso no proxecto previsto polas esixencias do Concello de Vimianzo de enlace co



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

polígono. Esta actuación faise con fondos propios pois a Xunta non obtivo fondos N.G. O PP mantivo sempre o compromiso con esta autovía e por iso imos absternos porque nos parece sorprendente que quenes non foron capaces de facer ni un metro o reclamen agora. Os peaxes da AG-55 e AG-57 están conxelados dende 2010, e existen bonificacións para usuarios. O noso compromiso coas infraestruturas é inquebrantable e seguramente que teremos pronto boas noticias.”

Intervén o Sr Alcalde: “É vergonzoso o que fai a Xunta con esta infraestrutura e quen solicite isto sexa o BNG de Muxía, socio preferente do PP e votaremos a favor porque os nosos socios preferentes son os veciños.”

Sometida a Moción a votación, queda aprobada coa abstención do grupo municipal PP (3) e os votos a favor do resto dos integrantes do Pleno, (8) que polo tanto acorda:

1-Instar á Xunta de Galicia a licitar xa o tramo Salto-Berdoias da autovía AG-55 e a executala conforme ao proxecto inicial, con dous carrís para cada sentido e mediana central.

2-Instar á Xunta de Galicia a incorporar no orzamento do ano 2025 a contía suficiente para licitar e executar as obras dos tramos Berdoias-Cee, Cee-Porto de Brens e a conexión da autovía AG-55 co polígono de Vimianzo.

3-Instar á Xunta de Galicia a suprimir todas as peaxes da autovía AG-55 para que esta sexa totalmente gratuíta en todos os seus tramos.

9.-Moción do BNG para creación de colonias e acreditación de persoas coidadoras para unha mellor xestión dos animais da rúa.

Dna Merce Barrientos explica o contido da moción manifestando a continuación: “Existe unha cantidade inmensa de gatos por todo o pobo e se non se controlan incrementárase exponencialmente o seu número. Cóntame que hai persoas voluntarias que se encargan de mirar as colonias e avisan á Policía Local de novas camadas, etc. Quero pedir tamén , porque se aprobou unha moción en marzo sobre o acceso ás praias dos cans pero a ordenanza que tiña que regular iso non se publicou, que se publique.”

Intervén a continuación Javier Sar: “Estamos de acordo que hai que buscar solución a esta situación, facer un estudo económico do seu custo e comparalo co que nos custará a medio e largo prazo .”

Seguidamente intervén Dna Sandra Vilela: “ Este é un tema que indica a mala xestión do Goberno municipal. Queixase das facturas de XEA pero non fai nada para cambiar isto. Non hai unha campaña de adopción impulsada polo Concello para dar saída a eses animais. É importante facer colonias por dúas razóns:

- O benestar cos animais que deben de estar en condicións óptimas.
- Efectivamente esterilizar aos gatos é un custe e hai que ver cal é , pero a longo prazo será economicamente asequible. Por ambas razóns apoiaremos esta moción.”



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Intervén o Sr Alcalde: “ O BNG calculou o importe dos procedementos para levar a cabo o que propoñen?”

Dna Mercé Barrientos responde: “Expliquei aquí que estamos a pagar sobre 7000€/mes en animais recollidos en XEA sen que se adoptaran medidas para reducir eses custes, e explicamos que iso supón 80.000€ de gasto, e no Concello de Camariñas, co mesmo número de gatos a diferenza de importes suporían 33000€ de aforro. Teño a factura de Xea de ese euro e pico que cobra e do aforro. Os estudos económicos temos que facer vostede.”

O Sr Alcalde volve a intervir: “Eston de acordo no que pide a moción pero na moción hai unha serie de falsidades e quero aclaralo. Fala de proliferación.... De gatos... que sobreviven... o de sobrevivir é relativo, pois non os gatos pero si as persoas xeran conflitos ao gravalos en propiedades privadas para colgalo despois en redes sociais. Xeran conflitos as persoas que sen ningún tipo de proba fehaciente acusa a outras persoas de asasinados de animais.

Dna Merce Barrientos pregunta ao Alcalde si se refire a ela, continuando o Alcalde: “Se vostede gravou será vostede e se non o fixo non será vostede. Efectivamente non xeran conflitos os gatos se non as persoas, as que din que hai que cambiar a gardería de sitio porque ali hai unha colonia de gatos que deixan todo ciscado e molestan á convivencia. Toda a vida existiron gatos vagabundos pero non estes conflitos. Ninguén pode chamar asasino ao veciño do lado porque supostamente matou un gato.

Outra falsidade da moción é a referencia a concellos limítrofes, os custes van en función do número de gatos que están nas instalación dos servizos que se lles prestan. Os prezos da empresa que presta o servizos son iguais para todos os municipios porque o servizo o presta a mesma empresa en todos.

Outra falsidade da moción cando di: “tampouco estamos dispostos....provocándolles a morte...” Que a oia parece que se van matando gatos por aí, o que di é dun populismo que queda ben na moción pero non é así.

A pesar das falsidades que expón a moción estamos de acordo con aprobala e levala a cabo en todos os seus puntos e de facelo de forma inmediata, pero quero que saiban o que van a votar porque efectivamente son o Alcalde e as veces traballo : hoxe temos 31 animais en XEA, deles 19 son gatos e 12 cans. “

A continuación o sr Alcalde menciona os nomes dos animais e o ano dende o que están recollidos.

Unha persoa do público interrompe a exposición do Alcalde quen lle ordena que abandone o salón de sesión, o que fai manifestando “eres máis tonto”. O Sr Alcalde continúa: “ Coma sempre os do BNG... Continúo, todos eses animais se recolleron con este goberno polo que de desidia non hai nada. Efectivamente a media de custe das facturas é de 7000€/mes e o custe de cada can, dado por XEA a esta Alcaldía é de 5,90€/día e de gato 5,90€/día sen IVE. O prezo de gato en colonia é de 3,10€/ día e no exterior en colonia 3,75€/día.

Estes datos dounos hoxe a empresa e non subiron os prezos dende fai anos, polo o que di Merce é falso.

O día 4 de xullo unhas veciñas envíanme un escrito (O lee e o resume), e informarlles que o vínculo emocional non afecta á Lei e a información se dáelle aos propietarios dos animais, neste caso ao Concello. Non publico nomes por P de D. As persoas coidadoras deses gatos teñen que aceptar unas normas e non toman decisión, limitaranse a darlles de comer, beber e transmitir se hai algún problema que deba



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

atenderse co animal e todo elo dentro do protocolo entre Concello e empresa. Esas persoas van con vestiario que os identifica cando dan de comer aos gatos e deben de limpar a zona que aqueles manchen. O modelo é efectivo cunha castración do máis do 80% dos gatos.

En Muxía hai varias colonias, unha en Porto chico de 30 gatos. Para ela a aplicación CER sería 4845 € máis IVE, e o mantemento 1910€ máis IVE.

Outra na Camposa: 12 gatos, CER: 2008 máis IVE e mantemento: 1154 máis IVE.

A do barrio rico: 25 gatos; CER: 4025 máis IVE, mantemento 1700 máis IVE.

En resume, o CER de todas as colonias sería 17522,01€ máis IVE, e o mantemento mensual 7668,98€ máis IVE.

A media de estancia dos gatos era de 7000€/ mes aprox. Se sumamos o mantemento serían 15000€ /mes que por 12 meses da un total de 180000€/ano.”

Dña Merce Barrientos volve a intervir: “ O BNG presentou unha moción para ampliar os servizos da Mancomunidade para o tema dos animais, lixo, etc e así abaratar custes e non fixo nada ao respecto”

O Alcalde volve a intervir: “ A Mancomunidade págana os Concellos.

Continúa Dña. Merce Barrientos: “Traemos eseta moción do BNG a pleno e votarei a favor dela.

Contesta o Alcalde: Queremos ou non queremos, a puntinha só, quere e á vez non quere. Isa moción a quere pero non a quere. Votamos e o activamos mañá mesmo? . Aaaa Merce Barrientos, non contaba vostede con isto verdade?”

Unha persoa do público interrompe o debate manifestando “que persoa máis liante...que asco...., ordenando o Sr Alcalde a súa expulsión e manifestando “son as consecuencias do BNG.”

Continúa intervindo D. Javier Sar: “ Se traemos aquí unha moción para resolver un problema é para facer estudos ao respecto. Agradezo esta moción ao BNG porque asemade así me decatado do que xa lle preguntei a vostede que era cantos animais había e canto se pagaba por cada animal e hoxe o dixo.”

Responde o Alcalde: “ Non me neguei a darlle datos, as portas están abertas para ti, para que sexamos socios preferentes como é o BNG do PP.”

Intervén Dña Sandra Vilela: “ A estratexia de dividir á oposición non che vai resultar igual que non te funcionou coa miña compañeira. Existe desidia do Concello na xestión de animais abandonados pois esa xestión non é ir a recollelos. Hai animais alí dende 2018 e que fixo vostede para puidesen saír de alí?.

Sometida a moción a votación queda aprobada por unanimidade dos integrantes do Pleno, e polo tanto acorda:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

- 1.-Instar ao goberno municipal a que proceda á creación de distintas colonias felinas e á porta en marcha dun proxecto de xestión das mesmas co método captura, Esterilización e Retorno (CER) colaborando para isto coas persoas que xa veñen cuidando dos gatos rueiros no pobo.
- 2.-Que se faga un rexistro e sinalización de colonias e un censo das poboacións asociadas a elas e se acredite ás persoas voluntarias cuidadoras para realizar esta tarefa coas debidas garantías.
- 3.-Que se proceda a levar a cabo unha campaña de esterilización que permita ter un control das poboacións de gatos rueiros para evitar a súa proliferación incontrolada.
- 4.-Que se publiquen ordenanzas municipais divulgativas que lembren a veciñanza os contidos da Lei 7/2023 e da Lei 4/2027 ao respecto da xestión dos animais da rúa e os seus propios co fin de evitar o abandono, camadas non desexadas e posibles malos tratos.

10.-Control órganos de goberno. Rogos e preguntas

Intervén Dna Merce Barrientos: “Rógolle que conteste ás preguntas que se lle fagan e fixeron no último pleno, e elo porque representa a unha institución e ante unha veciñanza que ten dereito a que vostede conteste ás preguntas dos grupos pois se non o fai está a furtar aos veciños un dereito fundamental. Retire os insultos que durante un ano ven de proferir aos membros do BNG, inxurias e intentos de difamación. Se vostede ten algo que dicir sobre o meu cambio de posto de traballo, aclareo porque vostede dixo “ non me faga explicar o motivo de que estea aquí e non en Pontevedra”. Rectifique a frase que dixo de que os membros do BNG están continuamente, continuamente, cometendo delitos e a insinuación inxuriosa de que membros do BNG desexaban que unha persoa tivese cancro e retire os insultos proferidos contra o BNG ao dicir “ os seus alcohólicos” e os insultos que persoalmente me dirixiu chamándome cínica e rastreira e sobre todo, pídlle que retire as afirmacións inxuriosas sobre como era a miña familia ou deixaba de ser, o de dar educación machista porque aquí non corresponde falar da familia.

En canto ás preguntas, sei que acaba de cambiar na pax web os membros da corporación, o que me negou durante un ano. Pedínlle o 3 de maio por escrito información sobre o que pagou o Concello polo mal funcionamento das depuradoras e contestoume fai uns días que Tesourería e Intervención estaban de vacacións, pero é que dende o 3 de maio teña 5 días para responderme. Publique a ordenanza de permanencia de cans nas praias.

Recibiu algún requirimento de necesidades de mantemento dos colexios? E se é así cal é o motivo de que non se incorporasen esas necesidades ata o momento?

Fixo algunha xestión ou comunicación a Portos de Galicia para que arranxen os servizos do Porto que están sucios e candalizados?

Na obra que fixo Costas na Praia da Cruz a rampa para discapacitados é impracticable. Non funciona a ducha que hai alí e hai un tubo que sobresa e no medio da Praia e á que se lle puxo cemento encima. Rógolle o comunique ao organismo que corresponda.

En canto á protección de datos, chameille a atención por publicar datos de paro ou violencia de xénero de menores con nome e apelidos. “



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Seguidamente intervén D. Javier Sar: “ Cando nos vai contestar ás preguntas que temos sen contestar. Quero que conste que o Alcalde dixo que se responsabilizaba de contestalas se as facían.”

Intervén Dna Sandra Vilela: “ Cando vai contestar ás preguntas que se fan nos plenos? Está quitando información aos veciños.

Nos pregos de cambio de reixas aparece a partida de asfaltados, onde están?

Se está a face cargo o Concello da limpeza dos campos das festas? O alcalde resposta que foi antes da contratación cunha empresa.

A estrada de Leis está parada continuamente, por que?

Hai un problema reiterado coa auga de Añobres, ou sae sucia ou non sae. Porque?

En canto á limpeza das praias, aparte de que imos tarde, teño a sensación de que se está a castigar aos veciños de Lago e hai que ter cuidado con ese entorno que está bastante deteriorado.

Vai a retractarse e pedir desculpas tal e como lle dixo a concelleira do BNG?”

O Sr Alcalde manifesta que as preguntas serán contestadas.

Ás 23:26 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, mércores 24 de xullo de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña